

TALLERES PERFEUTIÑO, S.L.



"A idea xurdiu nunha comida cun empresario da zona"
Julio Rodríguez Anta

Datos básicos

Actividade:	Taller de carpintería e restauración e local de exposición e venda
Sector de actividade	Fabricación de mobles e carpintería metálica
Nº empregados	58
Inversión inicial	0 €
Financiamento inicial:	Partimos de cero e constantemente seguimos reinvestindo os beneficios na empresa. Comezamos a traballar nun pequeno taller de Juan José. Na actualidade, levamos investidos 420.000 €, sen ter en conta a nave, que de momento está en aluguer.
Web:	
Municipio:	Celanova, Ourense
Ano creación:	1999

Descrición do proxecto

Trátase dun taller de carpintería e restauración e dun local de exposición e venda. Desenvolvemos as seguintes actividades:

- Restauración de móbeis antigos.
- Carpintería en xeral (exterior e interior), sempre utilizando madeiras nacionais.
- Fábrica de móbeis de cociña a medida (ofrecemos prezos moi competitivos posto que se eliminan intermediarios).
- Albanelería e restauración de edificios (trátase dun mercado que xurdiu de forma natural a partir da restauración de móbeis de cociña).
- Traballos en forxa de ferro



Datos empresa

Claves do éxito

Existe unha tendencia a pensar que restaurar un móbel é moi caro (a idea do anticuario), sen embargo con este sistema redúcense considerabelmente os custos e conseguimos restaurar a prezos moi asequíbeis e captar máis clientes.


Situación actual

Cada vez temos máis clientes, sobre todo particulares. Comezamos ademais a mercar madeira directamente no monte, iso supón para nós un aforro considerábel en custos de materias primas posto que, por poñer un exemplo, 1 metro cúbico de madeira de castiñeiro pode ter un custo no mercado de 900 €, namentres que se se merca nun serradeiro, o custo redúcese a uns 420 €. E directamente no monte, podería costar 360 € .

Por outra parte, estamos a desenvolver un proxecto de creación dunha empresa maiorista vinculada á actividade de talleres Perfeutiño. Trátase dun proxecto ambicioso con grande potencial de creación de emprego.

Perfil cliente

Traballamos tanto para empresas como para particulares, aínda que predominan as empresas.



Idea inicial

A idea xurdiu nunha comida. Un empresario da zona que traballaba no sector propúxonos que traballásemos para el, posto que eu me dedicaba á actividade como afección e o meu socio levaba toda a vida exercéndoa .
Deste modo, comezamos a traballar para esta empresa desde cero.

Principales dificultades y amenazas futuras

Nun principio, non nos enfrentamos con ningunha necesidade. Comezamos de cero, case como unha actividade de lecer e pouco a pouco convertémonos na empresa que somos na actualidade.
Hoxe en día, se tivésemos espacio, poderíamos contratar a 30 persoas máis, porque temos mercado suficiente para ampliar a dimensión da nosa empresa. Sobre todo o segmento de clientes particulares está aumentando considerabelmente.

Perfil promotores

Julio Rodríguez aporta experiencia profesional na banca e é afeccionado á carpintería.
A empresa conta con outro socio máis.

Aptitudes necesarias

- Crear un bo ambiente de traballo. Dar exemplo de responsabilidade e ser un compañeiro máis. Saber vincular ao persoal coa empresa. A empresa tamén ofrece flexibilidade e dá unha marxe de manobra.



Guía de Actividad

Sector do moble (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

Dirixir persoas e organizacións

Formación

¿Recibiui información específica sobre a creación de empresas?

Teño experiencia profesional de case corenta anos no sector da banca.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

En xeral, considéroo fundamental, pero este é un caso moi particular no que partimos de cero e fomos medrando pouco a pouco e aprendendo o que necesitábamos.

Anecdotalio

Como comentaba antes, o persoal síntese moi comprometido coa empresa. Sen que ninguén pida nada, eles mesmos organízanse e fan quendas extra en situacións que o requiren. Por exemplo, nunha ocasión quedáronse a terminar 80 móbeis que ficaban por rematar para que puidesen saír ao día seguinte no tráiler que viría a recoller un pedido importante. Ninguén lles pediu que os acabasen, senón que o fixeron por iniciativa propia.

